



**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Dona Milagros Otero Parga

**Vicepresidente:**

Don Fernando de Andrés Alonso

**Vogais:**

**Pola Xunta de Galicia**

Dona Natalia Prieto Viso

**Polo Consello Consultivo**

Dona Ana López Guizán

**Polo Consello de Contas**

ausente

**Pola Federación Galega de Municipios e Provincias**

Dona Lucía González Louro

**Secretaria:**

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 18 de xullo de 2017, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 10 de xullo de 2017, procédese a realizar a XIV sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na sesión procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros e procedendo a dar os seguintes avisos:

Don Manuel Santana Suárez que tiña confirmado a súa asistencia escusa a súa presenza por causas sobrevidas.

Igualmente escúbase a ausencia do Vicepresidente don Pablo Cameselle Martínez, substituído segundo o establecido no regulamento interno da Comisión da Transparencia.

Por último a presidenta fai tres notificacións en relación aos seguintes asuntos:

- O sistema adoptado para a notificación aos membros da Comisión do texto das resolucións da Comisión.
- O Uso da plataforma windows 365 para traballar aspectos técnicos das propostas de resolución de xeito colaborativo entre todos os membros da Comisión. E concreción destes aspectos.
- Informar aos membros da comisión da petición de reunión por parte do Instituto Galego de Consumo e a Competencia con a Presidenta da Comisión da Transparencia,

sen que se concretase o asunto a tratar, e tema do que se manterá informado aos membros.

**2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 27 de xuño de 2017**

A secretaria procede á lectura da acta. Estando conformes todos os membros presentes apróbase por unanimidade.

**3º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados**

Antes de iniciar o estudo dos expedientes a Comisión acorda que no expediente RSCTG 25/2017 a representante da Xunta de Galicia, que participou na tramitación do mesmo en vía administrativa se absterá, polo que cando se presente á comisión este membro sairá da sala e non participará no debate nin na votación deste expediente. O expediente se deixa para o final do estudo. A saída se produce entre as 13.00 e as 13.08 horas.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 0018/2017	Estimación
RSCTG 0022/2017	Estimación
RSCTG 023/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 024/2017	Aceptar o desistimento
RSCTG 025/2017	Inadmisión por tratarse dunha queixa tramitada ao amparo da normativa pola que se regula a atención á cidadanía.
RSCTG 26/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 27/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 28/2017	Inadmisión da reclamación ao consistir a solicitude nunha petición de control das obrigas establecidas en materia de publicidade activa.

*Manuel Otero*

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 29/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 30/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 31/2017	Estimación
RSCTG 32/2017	Estimación
RSCTG 64/2017	Inadmisión por inadecuación do obxecto da mesma ao concepto de información pública

4º.- **Determinación da data da próxima reunión da Comisión**

Acórdase a celebración da seguinte reunión o día 5 de outubro ás 12.00.

5º.- **Rogos e preguntas**

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13:15 da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

A Presidenta



Milagros Otero Parga  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia

A secretaria



María Puy  
Comisión da  
transparencia  
de Galicia